

CONTRATACIÓN DE ESPAZO

(IVA 7% NON ENGADIDO)

| | | | |
|-----------------------------------|-------|------------------------|----------------|
| EMPRESA/ INSTITUCIÓN / ASOCIACIÓN | | | |
| DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE | | | CIF |
| ENDEREZO | CP | LOCALIDADE (PROVINCIA) | PAÍS |
| TELÉFONO | FAX | E-MAIL | WEB |
| CONTACTO | CARGO | TF. MÓVIL | E-MAIL PERSOAL |

PAQUETE BÁSICO DE 9 M2 (Inclúe: Espazo + Stand Básico + 1 Mostrador + 1 Taburete + 1 Probador ó 4 Estantes)

| PREZO ANTIGO EXPOSITOR | ASOCIADO 530€ NON ASOCIADO 630€ | m ² | TOTAL |
|------------------------|------------------------------------|----------------|-------|
| | | 9 | |
| PREZO NOVO EXPOSITOR | ASOCIADO 580€ NON ASOCIADO 680€ | m ² | TOTAL |
| | | 9 | |

ESPAZO ADICIONAL DE 9 M2

| PAQUETES DE 9 M2 ESPAZO ADICIONAL + STAND BÁSICO | 260€ | Paquetes | TOTAL |
|--|------|----------|-------|
| | | | |

TOTAL CONTRATACIÓN PAQUETE BÁSICO

| TOTAL CONTRATACIÓN | m ² | TOTAL |
|--------------------|----------------|------------------------------|
| | | |
| | | DESCONTO 10% ⁽¹⁾ |
| | | SEGURO OBLIGATORIO R.C. 55 € |
| | | TOTAL |

ESPAZO (SÓLO SUELO)

| PREZO | 38 € / m2 | m ² | TOTAL |
|-------|-----------|----------------|------------------------------|
| | | | |
| | | | DESCONTO 10% ⁽¹⁾ |
| | | | SEGURO OBLIGATORIO R.C. 55 € |
| | | | TOTAL |

¹ Contratacións a partir de 27 m²

CO-EXPOSITORES

| |
|--|
| |
|--|

Eu, (nome e apelidos) _____, confirmo que o comercio _____ contrata o espazo indicado. Asemade acepto e comprométo a cumprir coa normativa adxunta.

FIRMA E SELO DA EMPRESA

(Implica aceptación da normativa da Feira) (Enviar por fax ao 986-229160)

Máis información no 986-220138 ou na súa asociación

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos solicitados a través do seguinte formulario formarán parte dun ficheiro automatizado de datos, responsabilidade de Muéstralo S.L. A finalidade será a de dar resposta ás solicitudes de información, suxerencias u outras cuestións que xurdan deste formulario. Se non desexa que lle enviemos esta información sinala esta casilla . Asimesmo, poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando un correo a info@muestralo.net ou por escrito dirixíndose a Muéstralo S.L. C/ García Barbón, 22 - Entresuelo - 36201 Vigo (Pontevedra).

Promove:



Patrocina:



Organiza:



Colaboran:



NORMATIVA FEIRA STOCKAXE 2010

1. CONTRATACIÓN E PAGAMENTO DE ESPAZO:

Os expositores deberán remitirnos o Impreso de Contratación de Espazo debidamente cumprimentado, válido cando se reciba por fax, e-mail ou correo postal. Unha vez recibido o impreso se procederá a emitir a factura correspondente coas condicións de pago indicadas, quedando os expositores vinculados á totalidade da presente normativa. A falta de pagamento de calquera das obrigas económicas derivadas desta contratación facultará a Stockaxe para resolver a mesma, podendo dispoñer do espazo contratado.

Condicións de pagamento: (Transferencia bancaria ou cheque nominativo).

50% aos 10 días da contratación.

50% antes do 15 de Setembro de 2010.

2. ALTERACIÓNS OU ANULACIÓNS:

A organización resérvase o dereito a alterar os horarios de apertura e peche da Feira por causa de forza maior ou outra índole, sen que os expositores teñan dereito a ningún tipo de indemnización. Os expositores poderán acceder ao seu posto unha hora antes da apertura de STOCKAXE, recomendándolles non abandonalo ata a saída da totalidade de asistentes.

O expositor non poderá ceder o dereito de ocupación do posto nin permitir a promoción de mercancías doutras empresas sen a autorización expresa da Dirección da Feira. O incumprimento desta norma pode ocasionar o peche do posto sen dereito a ningún tipo de compensación. No caso de desexar cancelar ou reducir o espazo solicitado no impreso de contratación, o expositor non terá dereito a ningún tipo de reembolso. Así mesmo, a organización resérvase o dereito de poder variar a localización inicialmente contratada por motivos de forza maior ou seguridade.

3. CONTRATACIÓN E PAGAMENTO DE SERVIZOS:

A contratación dos servizos que aparecen descritos no Manual do Expositor, deberá realizarse cubrindo as respectivas follas de contratación contidas no documento, ou ben a través da organización, mediante solicitude enviada por fax, e-mail ou correo postal. A data límite para a contratación e pagamento dos devanditos servizos é o 1 de outubro de 2010. Despois desta data a organización non se compromete a prestar o servizo solicitado, dependendo da nosa dispoñibilidade e posibilidades. Así mesmo, todos os servizos contratados posteriormente terán unha recarga do 50% sobre o prezo indicado no Manual.

4. ACREDITACIÓNS DE EXPOSITOR:

Cada expositor terá dereito a 3 acreditacións gratuítas por posto con superficie ata 9 m2. A partir desta medida, terá dereito a 1 tarxeta por cada 9 m2 adicionais. A solicitude de acreditacións terá como data límite o 1 de outubro de 2010 e poderase realizar cubrindo a folla de solicitude contida no Manual do Expositor, ou ben a través da organización, en todo caso mediante fax, e-mail ou correo postal. As acreditacións poderán ser recollidas a partir do día de montaxe da Feira no que os expositores teñan acceso ao recinto ferial.

5. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

É responsabilidade da Organización subscribir un Seguro de RC, por danos materiais ou corporais dos expositores acreditados e visitantes, cun límite de 600.000 € e 150.000 € por vítima cunha franquía de 300 €. As coberturas inclúen explotación, defensa xurídica e fianzas criminais. Os seguros de calquera outro tipo serán responsabilidade exclusiva do expositor.

6. LIMPEZA:

A Organización encargarse da limpeza xeral do Recinto (espazos comúns).

- **Stands modulares:** A primeira limpeza dos mesmos inclúese automaticamente coa súa contratación, non así o seu mantemento.

- **Stands de deseño libre:** Deberán ser contratada en caso de necesidade a primeira limpeza, e/ou o mantemento da mesma.

7. MONTAXE:

Datas: Do 13 ao 15 de Outubro de 2010, con horario de 08:00 a 20:00 horas. Quedando os dous primeiros día (13 e 14) para a montaxe xeral do recinto e dos stands de deseño, e o derradeiro día (venres 15) para a decoración e traslado de material para os stands modulares.

O período de desmontaxe será do 18 ao 19 de Outubro de 2009 de 08:00 a 20:00 horas. (Permítese a saída de mercancías "a man" desde as 21:00 horas do día 17, momento de finalización da Feira).

8. ENTRADA E SAÍDA DE MERCADORÍAS:

Para material pesado, os expositores poden contactar coa Organización, que distribuirá un formulario con información que deberán cubrir (tipo de material, dimensións, peso, data de chegada, saída, etc), e así poder coordinar a entrada e saída do mesmo. Para entrada ou saída de material non pesado, os expositores deberán pedir autorización expresa na Oficina do Expositor, para así dar orde de abrir a porta e saída de mercadorías máis próxima ao seu posto. Para entrada e saída de mercadorías "a man", recoméndase aos expositores utilizar o derradeiro día de montaxe, día 15 de Outubro, de 08:00 a 20:00 horas e o derradeiro de celebración da Feira, día 17, a partir das 21:00 horas. **NON** está permitido o acceso de vehículos á zona de exposición, polo que recoméndase ao expositor que conte cos medios necesarios para poder introducir a mercadoría no seu stand.

9. SEGURIDADE:

Stockaxe garante os servizos xerais de vixilancia durante os períodos de montaxe, celebración e desmontaxe da Feira. Sen embargo, os expositores son responsables do coidado dos seus materiais e os seus produtos. Se quixesen reforzar a vixilancia dos seus postos, só poderán contratar persoal a través da empresa que presta os seus servizos a Stockaxe. Todos os expositores e persoal de montaxe / desmontaxe, deberán levar visibles as súas acreditacións. Recoméndase a presenza dos expositores no seu posto nos horarios de feira, facendo especial fincapé no último día de celebración do evento. A partir das 21:00 horas, os expositores poderán e deberían retirar a mercadería ou material facilmente sustraíble, co obxectivo de evitar posibles roubos.

10. NORMATIVA RECINTO FERIAL

As normativas a seguir no recinto ferial engadiranse no Manual do Expositor que recibirá por correo postal unha vez realizado o primeiro pagamento.

Promove:



Patrocina:



Organiza:



Colaboran:

